



BASES PARA A SELECCIÓN DE 4 TRABALLADORES PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS PARA O EXERCICIO 2019: “1 XEFE DE BRIGADA”, “1 PEÓN CONDUTOR” E “2 PEÓNS DE BRIGADA”, AO ABEIRO DO CONVENIO DE COLABORACIÓN SUBSCRITO ENTRE A CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL E O CONCELLO PARA A PARTICIPACIÓN NA PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DURANTE O ANO 2019, COFINANCIADO PARCIALMENTE CO FEADER NO MARCO DO PDR DE GALICIA 2014-2020.

1. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

O obxecto das presentes bases é regular o procedemento de selección para a contratación temporal de catro traballadores: 1 xefe de brigada, 1 peón condutor e 2 peóns de brigada, que formarán parte da brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o exercicio 2019 do Concello de Vilar de Barrio, no marco do “Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Concello de Vilar de Barrio para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante o exercicio 2019, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do PDR de Galicia 2014-2020”.

O ámbito de actuación será o municipal, sen prexuízo de que cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico poderá decidir a mobilización destes medios fóra do seu termo municipal, conforme ó previsto no Plan de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais (PLADIGA) no que expresamente se prevé como se producirá a coordinación en tales supostos.

2.- BASES ESPECÍFICAS.

1.- *Número de prazas:* 4

2.- *Denominación:*

a) 1 Xefe de Brigada: responsable e coordinador do funcionamento da brigada para establecer as relacións operativas e de comunicación co persoal do Distrito Forestal ao que pertenza a entidade local.

b) 1 Peón condutor da Brigada.

c) 2 Peóns de Brigada.

3.- *Duración:* tres meses

4.- *Contrato laboral a formalizar:* obra ou servizo determinado.

5.- *Xornada Laboral:* completa.

6.- *Salario Bruto mensual:*

a) Xefe de Brigada: 1.350 €

b) Peón condutor: 1.150 €

c) Peón de Brigada: 1.050 €

7.- *Traballos a realizar pola brigada:*

- *Extinción de incendios forestais no ámbito municipal.* A brigada integrarase no dispositivo de emerxencias do Distrito Forestal correspondente e dará prioridade á actuación da brigada na extinción de incendios respecto doutros traballos, segundo o disposto no artigo 48.6 da Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais. Por outra parte, cando concorran razóns extraordinarias de emerxencia, o órgano autonómico pode decidir a mobilización da brigada fóra do termo municipal, conforme ó previsto no PLADIGA.



A brigada integrárase no dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra incendios forestais (SPDCIF) baixo o mando único descrito no PLADIGA.

- *Labores de prevención*, que consistirán na roza, rareo e eliminación de restos nos tres meses de operatividade da brigada ou a súa parte proporcional e desenvolveranse en vías e camiños forestais, áreas cortalumes ou nas súas faixas de xestión da biomasa de titularidade municipal, ou en superficies sobre as cales a entidade teña cesión de aproveitamento, uso ou desfrute realizada por parte das persoas responsables de acordo co artigo 21 ter da Lei 3/2007, de 9 de abril, de prevención e defensa contra incendios forestais de Galicia ou superficies de propietario descoñecido, previa acreditación de dita condición, sempre que non sexa posible a mecanización dos traballos.

Os traballos de prevención realizarán ata un máximo de 10,0348 hectáreas/brigada mediante o control de combustible de forma manual.

3. PROCEDEMENTO DE SELECCIÓN

En atención ao carácter temporal da relación, a selección efectuarase mediante concurso de méritos.

4. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

Serán requisitos imprescindibles:

a) Ser español ou nacional dalgún dos demais estados membros da Unión Europea ou nacional dalgún estado, ó que, en virtude de tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores.

Tamén poderán participar calquera que sexa a súa nacionalidade, o cónxuxe dos españois e dos nacionais dalgún dos demais estados membros da Unión Europea, e cando así o prevexa o correspondente tratado, o dos nacionais dalgún estado ó que en virtude dos tratados internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España lle sexa de aplicación a libre circulación de traballadores, sempre que non estean separados de dereito. Así mesmo, coas mesmas condicións, poderán participar os seus descendentes e os do seu cónxuxe, menores de vinte e un anos ou maiores de dita idade que vivan ás súas expensas.

Tamén, quen non sendo español nin nacional dun estado membro da Unión Europea, se encontre en España en situación de legalidade, sendo titular dun documento que lle habilite para residir e poder acceder sen limitacións ó mercado laboral.

b) Ter cumpridos os dezoito anos de idade e non ter cumprido a idade máxima de xubilación.

c) Posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas.

d) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das CC.AA., non atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para emprego ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala de funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desenvolvían no caso do persoal laboral, no que tivera sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente e non ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu estado, nos mesmos termos, o acceso ó emprego público

e) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de acordo co establecido na Lei 53/1984 do 26 de decembro, de Incompatibilidades do persoal ó servizo das Administracións Públicas.



f) Posuír as seguintes titulacións:

- *Xefe de Brigada de prevención e defensa contra incendios:*

- Enxeñeiro de Montes, Enxeñeiro Técnico Forestal, Técnico Superior en Xestión e Organización de Recursos Naturais e Paisaxísticos, Técnico en Traballos Forestais e Conservación do Medio Natural ou formación profesional equivalente.
- Posuír o carné de conducir B.

- *Peón condutor da Brigada:*

- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.
- Posuír o carné de conducir B.

- *Peón da Brigada:*

- Estar en posesión do certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro, deberán aportar documento que acredite fidedignamente a súa homologación.

5. DURACIÓN

A contratación farase polo prazo de tres meses, a xornada completa baixo a modalidade de contratación laboral temporal por obra ou servizo determinado.

6. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN

Os interesados poderán presentar as solicitudes no rexistro xeral do Concello de Vilar de Barrio, en horario de 9:00 a 14:00 horas, no prazo de cinco días hábiles, comezando a computarse dito prazo a partir do día seguinte á publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Ourense.

Tamén poderán presentarse na forma que determina o artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, Procedemento Administrativo Común. Neste caso, os/as aspirantes deben remitir copia do rexistro de entrada (na que conste a data do rexistro) mediante correo electrónico ao concello de Vilar de Barrio durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. O correo electrónico do Concello é: concellovilardebarrio@gmail.com.

Á instancia acompañarase:

- Fotocopia do D.N.I. ou documento que proceda no caso dos estranxeiros.
- Fotocopia do titulación correspondente no caso de ser esixible.
- Fotocopia do carné de conducir tipo B no caso de ser esixible.
- Declaración responsable (Anexo I, II e III) de cumprir cos requisitos necesarios para participar nesta convocatoria, así como de non estar incurso/a en ningunha causa de incapacidade ou incompatibilidade previstas na lexislación vixente.
- Documentación acreditativa dos méritos. Os méritos non xustificadas documentalmente non serán obxecto de valoración.



Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das bases desta convocatoria.

7. CRITERIOS DE SELECCIÓN.

A selección por concurso de méritos farase de conformidade cos seguintes criterios e valoración dos mesmos:

A) Experiencia profesional: ata un máximo de 5 puntos.

- 1.- Por servizos remunerados prestados na Administración Pública na mesma categoría ou similar ao do posto ao que se opta: 0,20 puntos por mes completo (máximo 3 puntos).
- 2.- Por servizos remunerados prestados en empresas privadas na mesma categoría ou similar ao do posto de traballo ao que se opta: 0,10 puntos por mes completo (máximo 2 puntos).

A experiencia profesional acreditarase mediante a presentación do certificado de vida laboral actualizada expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social (orixinal ou copia cotexada) e certificación orixinal da Administración/Empresa privada ou copia compulsada dos contratos de traballo. A experiencia que non se considere debidamente acreditada non se puntuará. Rexeitaranse as fraccións de tempo inferiores ao mes (30 días) e os contratos a tempo parcial cunha xornada inferior á xornada completa valoraranse de xeito proporcional.

B) Formación: A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 2 puntos.

Por asistencia a cursos organizados polas Administracións Públicas ou homologados, relacionados coas funcións do posto ao que se opta:

- 1.- Cursos de ata 20 horas: 0,10 puntos/curso.
- 2.- Cursos de 21 a 40 horas: 0,15 puntos/curso.
- 3.- Cursos de 41 a 100 horas: 0,20 puntos/curso.
- 4.- Cursos de 101 a 250 horas: 0,25 puntos/curso.
- 5.- Cursos de 251 a 500 horas: 0,35 puntos/curso.
- 6.- Cursos de máis de 500 horas: 0,50 puntos/curso

A formación dos traballadores acreditarase mediante a presentación dos certificados acreditativos (**orixinal ou copia cotexada**) de ter realizada a acción formativa, na que conste o número de horas de formación realizada. No suposto de que non conste o número de horas da acción formativa, entenderase que teñen unha duración inferior a 20 horas, e puntuarase con 0,10 puntos por curso.

C) Formación regrada: A puntuación máxima que se poderá obter neste apartado é de 3 puntos.

Por estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións ou o certificado de profesionalidade relacionado coas profesións requiridas nestas bases, a maiores do que se presenta como xustificación do requisito de titulación esixido no seu caso:

- Titulación universitaria: 2 puntos.
- Titulación de FP II ou ciclo superior: 1,50 puntos.
- Titulación de FP I ou ciclo medio: 1,25 puntos.
- Certificado de profesionalidade relacionados co posto ofertado:



- a) Nivel 1: 1 punto.
- b) Nivel 2: 0,80 puntos.
- c) Nivel 3: 0,60 puntos.

No suposto de estar en posesión de máis dunha das titulacións referidas, soamente se valorará a de maior nivel.

A formación regrada dos traballadores acreditarase mediante a presentación dos certificados acreditativos (orixinal ou copia compulsada) de ter realizada a formación regrada.

No suposto de empate a puntos entre varios aspirantes atenderase á maior puntuación obtida por experiencia profesional. De persistir o empate terase en conta a puntuación en formación regrada. No suposto de persistir o empate acudirase ao sorteo público entre os aspirantes.

Non se tomarán en consideración nin serán valorados aqueles méritos que non queden acreditados en tódolos seus extremos no momento de presentación de instancias. Asemade, non se terán en conta aqueles méritos alegados e aportados con posterioridade ao remate do prazo de presentación de instancias

8. TRIBUNAL SELECCIONADOR.

O tribunal será un órgano colexiado e constará, como mínimo, de Presidente, tres vocais e secretario, que serán designados por resolución da Alcaldía segundo o disposto no artigo 60 da Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público e a Lei de Función Pública de Galicia. O tribunal calificador de cada posto de traballo está facultado para interpretar e resolver as cuestións que poidan suscitarse na aplicación das normas de procedemento, inspirándose a súa actuación no principio de economía, celeridade e eficiencia.

O tribunal non poderá actuar ou constituírse sen a presenza polo menos de tres dos seus membros, sendo imprescindible, en todo caso, a asistencia do presidente e do secretario/a, titular ou suplente.

O réxime xurídico aplicable aos tribunais de selección será o que se establece polos órganos colexiados na Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Os membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que efectuara o seu nomeamento, cando concorran entre eles algunhas das causas previstas no artigo 23 da Lei de Réxime Xurídico do Sector Público.

O tribunal poderá dispor a incorporación, aos seus traballos, de asesores especialistas, que se limitarán ao exercicio das súas especialidades técnicas, que serán a única base da súa colaboración co órgano de decisión e que actuarán por tanto con voz pero sen voto.

9.- PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN.

Logo de finalizar o prazo de presentación de instancias, por resolución de Alcaldía, aprobarase a lista de admitidos e excluídos, que se fixará no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica do concello <http://vilardebarrio.sedelectronica.gal> concedéndose un prazo de dous días hábiles para reclamacións ou corrección de erros (non para alegar novos méritos). O tribunal resolverá as reclamacións que se presenten e elevará, no seu caso, a definitiva a lista de admitidos e excluídos.

O tribunal valorará os méritos alegados polos aspirantes que reúnan as condicións esixidas e formulará a proposta de designación a favor dos candidatos que obtivesen a maior puntuación, e o resto se ordenarán por orde de puntuación para formar parte dunha bolsa para a posible substitución dos seleccionados publicándose no taboleiro de Anuncios e na sede electrónica do concello <http://vilardebarrio.sedelectronica.gal>.



Para efectuar esta proposta, o tribunal poderá pedir informes e asesoramentos técnicos que teña por convenientes.

Os traballadores/as seleccionados/as estarán obrigados/as a realizar, antes da súa contratación un recoñecemento médico e unha proba física de esforzo, así como un curso teórico-práctico de formación sobre prevención e defensa contra os incendios forestais de 16 horas que será impartido polo persoal competente na materia nos días, horas e lugares que unilateralmente estableza o Concello de Vilar de Barrio.

A non superación do recoñecemento médico ou da proba física de esforzo, ou ben a non realización do referido curso con aproveitamento, será causa de non contratación do traballador/a seleccionado/a, pasando a realizarse as probas de referencia ao seguinte da lista.

Co obxecto de perfeccionar e dar continuidade á formación deste persoal, este curso será obrigatorio, aínda que o aspirante xa o tivese realizado en anos anteriores.

Posteriormente efectuarase o nomeamento polo Sr. Alcalde e asinarase o correspondente contrato laboral.

Establécese, un período de proba, conforme ó art. 14 do Estatuto dos traballadores, transcorrido este período, se a persoa de que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato subscrito.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ao posto de traballo, o aspirante non terá dereito á percepción económica de ningunha clase. A formalización e continuación do contrato (dentro do período de duración establecido) queda condicionada ao mantemento da Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais e o do seu Convenio financiador.

Quen sen causa xustificada non concorrese a formalizar o contrato na data sinalada, perderá tódolos dereitos derivados da superación das probas selectivas.

10.- BOLSA DE TRABALLO.

Confeccionarase unha bolsa de traballo coa relación dos aspirantes admitidos no procedemento selectivo (excluídos os seleccionados) e pola orde decrecente de puntuación obtida no mesmo, co obxecto de cubrir posibles vacantes que se produzan, as ausencias por disfrute de licenzas regramentarias, necesidade do servizo, as baixas ou renuncias dos seleccionados etc.

A orde de chamamento dos aspirantes será pola orde de puntuación obtida e terá carácter rotatorio.

Os chamamentos faranse polo medio máis urxente que permita ter a constancia da súa recepción. Nos supostos nos que a necesidade de cobertura do posto non fose previsible coa antelación suficiente ou polas circunstancias concorrentes no proceso de chamamento debidamente acreditadas, fose necesario a súa cobertura de xeito urxente para evitar graves prexuízos no funcionamento e/ou prestación do servizo público, o chamamento poderá realizarse telefonicamente. Neste suposto, o funcionario que as realice fará constar mediante dilixencia a súa realización, e se tiveron ou non resposta.

Os integrantes da bolsa de traballo que, sendo convocados para facer efectiva a contratación ou segundo o disposto anteriormente non se presentasen ou renunciasen a esta sen xustificación suficiente, perderán os seus dereitos, quedando excluídos da lista.

11. NORMAS FINAIS.



1. Para o non previsto nestas bases será de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril; Lei 5/1997, do 22 de xullo; RD-Legislativo 1/1995, do 2 de marzo e demais normas que sexan de aplicación.
2. Agás a convocatoria, que se publicará segundo se establece na base sexta, os sucesivos actos e comunicacións que se deriven da celebración deste proceso selectivo faranse públicos exclusivamente a través do taboleiro de anuncios do concello e no suposto que sinalen nas bases, tamén na sede electrónica <http://vilardebarrio.sedelectronica.gal>.
3. Tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante.
4. Contra as presentes bases e a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado contencioso-administrativo de Ourense, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ao da publicación da convocatoria). Con carácter potestativo e previo, poderá interpor recurso de reposición perante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo dun mes (contado desde ao día seguinte ao da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado desde o día seguinte a aquel no que se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Todo isto sen prexuízo do que poida exercitar calquera outro que considere procedente.

12.- CONSENTIMENTO E TRATAMENTO DE DATOS

Información relativa ao Tratamento e Protección de Datos desta entidade que, en cumprimento da *Lei Orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais (LOPDGDD)* e da normativa de Protección de Datos tendo en conta as disposicións do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril de 2016 (RXPDP), relativo á protección das persoas físicas no tratamento de datos persoais e os respectivos artigos 13 e 14 do citado RXPDP, informámoslle que os datos recabados que Vd. nos facilita e achega nesta solicitude, serán incorporados a un Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Vilar de Barrio.

E polo que, informámolo que os datos persoais dos participantes serán tratados para o proceso selectivo no que vostede solicita participar, e o tratamento farase tendo en conta as seguintes indicacións:

12.1.- Responsable do tratamento dos seus datos persoais: Concello de Vilar de Barrio.

12.2.- Finalidade do tratamento dos seus datos persoais:



Ao facilitar e achegar documentación dos datos como candidato e aqueles relativos os méritos que pretende acreditar, e como interesado en formar parte do proceso selectivo, vostede dá o consentimento para que sexa recompilada, utilizada, xestionada e tratada para este fin polo Responsable de Tratamento, só como se describe nas bases deste concurso e con esta única finalidade, indicámoslle tamén que os seus datos serán suprimidos unha vez que xa remate os termos e fin da modalidade contractual ou que as obrigacións legais así o establezan, os seus datos e a documentación achegada por vostede o longo do tempo do tratamento formarán parte dun “Rexistro de Actividades de Tratamento de Xestión de Persoal do Concello de Vilar de Barrio” ca finalidade única de xestión e selección de persoal que se leva a cabo mediante o sistema de concurso, é no que se valoran os méritos presentados polos/as aspirantes, de conformidade co exposto nas presentes bases e a selección e posterior contratación dos postos ofertados polo Responsable do Tratamento e os que fan referencia estas bases de contratación.

12.3.- Lexitimación para o tratamento dos datos:

As bases legais para o tratamento dos seus datos é o consentimento que vostede concede ou o do seu representado ca cumprimentación da solicitude como solicitante do proceso selectivo, e tamén ao abeiro das propias que se empregan para contratos de traballo temporal coas cláusulas específicas de traballos para a brigada de prevención e defensa contra incendios forestais para o exercicio 2019 ao abeiro do convenio de colaboración subscrito entre a Consellería do Medio Rural e o Responsable de Tratamento para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais o longo do ano 2019, cofinanciado parcialmente co Feader no marco do PDR de Galicia 2014-2020.

12.4.- Os seus dereitos ao facilitarnos os seus datos:

Como persoa interesada poderá acceder aos seus datos persoais, así como solicitar a rectificación dos datos inexactos ou, no seu caso, solicitar a supresión, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos, en cuxo caso unicamente o Concello os conservará para o exercicio ou a defensa de reclamacións.

Tamén indicarlle qué si desexa acadar máis información en canto o tratamento de datos ou exercer os seus dereitos, o xeito de informar establecémoslo por capas e poñemos á súa disposición un cadro informativo do tratamento de datos que pode consultar así como exercer os seus dereitos a traveso da Sede Electrónica en <https://vilardebarrio.sedelectronica.gal/privacy.1>, tamén poderá solicitar exercelos nas dependencias do Concello en canto a: obter confirmación de si estamos tratando os seus datos persoais, o dereito de acceso, a rectificar e suprimir os datos, solicitar a portabilidade dos mesmos, a opoñerse o seu tratamento e solicitar a limitación deste, tamén no caso de considerar que os seus dereitos non son atendidos a presentar reclamacións ante a Autoridade de Control <https://www.aepd.es/>, para tramitar os seus dereitos tamén pode solicitalos ante o Rexistro deste Responsable do Tratamento en: Praza do Toural nº 10 (32702) Vilar de Barrio (Ourense), tamén dirixíndose por vía mail a: concellovilardebarrio@gmail.com, ditas solicitudes deberán dirixirse a Delegada de Protección Datos e facendo referencia ao dereito que pretende exercer e achegando copia do seu DNI/NIF ou documento que o/a identifique.

12.5.-Segredo e seguridade dos datos:



O Concello de Vilar de Barrio (Responsable do Tratamento), comprométese no uso e tratamento dos datos persoais das persoas usuarias, respectando a súa confidencialidade e a utilízalos de acordo coa súa finalidade, así como a dar cumprimento á súa obriga de gardalos e adaptar todas as medidas para evitar a alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizado, de conformidade co establecido na normativa vixente de tratamento e protección de datos.

No tratamento dos seus datos, aplicaremos a normativa de protección de datos e políticas de seguridade que establece o ENS e o propio RXPD e LOPDGDD.

12.6.- Cesión de datos:

Non están previstas cesións mais alá das sinaladas nas bases de este proceso selectivo.

En Vilar de Barrio, O Alcalde, D. Manuel Conde Gómez.

Documento asinado dixitalmente.



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. info@vilardebarrio.com

ANEXO I

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS. CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE “UN XEFE DE BRIGADA” PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome: _____

DNI OU DOCUMENTO DE

EXTRAXEIRO: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código Postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

EXPOÑO:

Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Vilar de Barrio para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, os seguintes postos de traballo para Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

Un Xefe de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

DECLARO:

Ser español ou ser nacional de : _____

Ter cumprida a idade de 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas, nin da Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cumprir os requisitos necesarios para participar na convocatoria e non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas).

Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Que autorizo ao Concello de Vilar de Barrio para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios, páxina web e na sede electrónica do Concello de Vilar de Barrio, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse no procedemento de selección.

Comprométese a probar documentalmente tódolos extremos da declaración anterior, aportando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

ACOMPAÑA:

Copia do DNI ou documento de estranxeiro

Titulación académica.

Carné de conducir B.

Documentación acreditativa dos méritos alegados e especificados na base específica correspondente, que serán obxecto de valoración.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

En _____, a ____ de _____ de 2019.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.

ANEXO II



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. info@vilardebarrio.com

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS. CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE “DOUS PEÓNS DE BRIGADA” PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome: _____

DNI OU DOCUMENTO DE

EXTRAXEIRO: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código Postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

EXPOÑO:

Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Vilar de Barrio para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, os seguintes postos de traballo para Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

Dous peóns de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

DECLARO:

Ser español ou ser nacional de : _____

Ter cumprida a idade de 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas, nin da Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cumprir os requisitos necesarios para participar na convocatoria e non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas).

Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Que autorizo ao Concello de Vilar de Barrio para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Vilar de Barrio, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse no procedemento de selección.

Comprométese a probar documentalmente tódolos extremos da declaración anterior, aportando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

ACOMPaña: Copia do DNI ou documento de estranxeiro.

Titulación académica.

Documentación acreditativa dos méritos alegados e especificados na base específica correspondente, que serán obxecto de valoración.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

En _____, a ____ de _____ de 2019.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.

ANEXO III



CONCELLO DE VILAR DE BARRIO (OURENSE)

Praza do Toural nº 10 C.P. 32.702 Tel. 988 44 90 01 Fax. 988 46 83 60 CIF. P-3209000-C
<http://www.vilardebarrio.com> - E-Mail. info@vilardebarrio.com

SOLICITUDE DE ADMISIÓN AO CONCURSO DE VALORACIÓN DE MÉRITOS. CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE “UN PEÓN CONDUTOR DE BRIGADA” PARA A BRIGADA DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.

DATOS PERSOAIS

Apelidos e nome: _____

DNI OU DOCUMENTO DE

EXTRAXEIRO: _____

Rúa e número: _____

Localidade: _____

Provincia: _____

Código Postal: _____

Teléfono: _____

E-mail: _____

EXPOÑO:

Que tiven coñecemento da convocatoria feita polo Concello de Vilar de Barrio para cubrir, con carácter temporal, mediante concurso, os seguintes postos de traballo para Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais:

1 peón condutor de Brigada de prevención e defensa contra incendios forestais.

DECLARO:

Ser español ou ser nacional de : _____

Ter cumprida a idade de 18 anos e non exceder da idade máxima de xubilación forzosa.

Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño dos correspondentes traballos.

Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas, nin da Administración Local, nin atoparse inhabilitado para o exercicio das funcións públicas.

Cumprir os requisitos necesarios para participar na convocatoria e non estar incurso en causa de incompatibilidade prevista legalmente (Lei 53/84, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ó servizo das administracións públicas).

Que coñezo na súa integridade as bases que rexen a convocatoria.

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria.

Que autorizo ao Concello de Vilar de Barrio para a publicación dos meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios, na páxina web e na sede electrónica do Concello de Vilar de Barrio, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse no procedemento de selección.

Comprométese a probar documentalmente tódolos extremos da declaración anterior, aportando a documentación pertinente en caso de serlle requirida.

ACOMPaña: Copia do DNI ou documento de estranxeiro.

Titulación académica.

Carné de conducir B.

Documentación acreditativa dos méritos alegados e especificados na base específica correspondente, que serán obxecto de valoración.

Por todo o exposto, SOLICITO que se teña por presentada a presente instancia xunto cos documentos que a acompañan e sexa admitido no proceso selectivo convocado.

En _____, a ____ de _____ de 2019.

Asdo.: _____

SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE VILAR DE BARRIO.